



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

exp. 2018/G003/000140

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE AMPLIACIÓN DA REDE SANEAMENTO EN O PINDO

EXPEDIENTE:2018/G003/000140

Ante a inminente entrega das obras contempladas no Proxecto denominado Saneamento do Ézaro e do Pindo polo organismo Augas de Galicia, o Concello de Carnota precisa dispoñer coa maior celeridade posible dos instrumentos técnicos que permitan o desenvolvemento das redes secundarias de conexión, especialmente nos solos urbanos xa consolidados, que demandan a dispoñibilidade deste servizo básico, imprescindible para que poidan asentarse e prosperar tanto as edificacións residenciais previstas no planeamento como as diversas iniciativas económicas que posibiliten a creación de emprego e estabilidade da poboación.

Por tales motivos, encargouse a redacción de proxectos de distintos núcleos de poboación que serán conectadas á rede principal de saneamento, que de maneira inminente será posta en funcionamento, para deste modo resolver os acuciantes problemas desta importante área xeográfica do municipio de Carnota. Recentemente foi entregado o **Proxecto Técnico de Ampliación da rede saneamento en O Pindo**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Pablo Blanco Ferreiro, cun importe total de execución de 41.131,20 euros.

FUNDAMENTOS:

Conforme ao disposto na disposición adicional segunda da vixente Lei de Contratos do Sector Público, en relación co establecido no artigo 21 da lei 7/1985, LBRL e demais disposicións normativas de rango legal ou regulamentario concordantes ou complementarias das anteriores, en uso das atribucións que as citadas normas me confire, polo presente

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o **Proxecto Técnico de Ampliación da rede saneamento en O Pindo**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Pablo Blanco Ferreiro, cun importe total de execución de 41.131,20 euros.

Segundo.- Solicitar dos organismos competentes as autorizacións preceptivas conforme ao establecido na lexislación sectorial de aplicación, conforme ao sinalado polos informes técnicos.

Terceiro.- Os servizos administrativos, técnicos e económicos do concello dispoñerán as actuacións preparatorias precisas para instruír o oportuno expediente de contratación das obras mediante licitación anticipada.

O alcalde

Ramón Noceda Caamaño

Dou fe. O secretario

Celestino Amigo Liñares

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Carnota co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)